

Á ATENCIÓN DA SRA. ALCALDESA DE LUGO



Asunto: PETICIÓN DE EXECUCIÓN VOLUNTARIA DA RETIRADA DA ATAGUÍA ILEGAL DO RÍO MIÑO NESTA ÉPOCA DE ESTIAXE, POR PARTE DO CONCELLO

Dona XXXXXX como representante e presidenta de ADEGA na súa delegación en Lugo, e tamén no nome da plataforma Lugo de Cara ao Miño, con enderezo postal a efectos de notificación Ronda de Fontiñas, 180 Entrechán, 27002 Lugo, realiza a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1. Dado que a situación de ilegalidade na que está encastrada a ataguía obxecto de expediente sancionador S/27/0148/15 se está a prolongar demasiado no tempo (10 meses) **sen visos de que estea próxima unha resolución definitiva do expediente sancionador** por parte do Ministerio en funcións de Medio Ambiente, **nin da súa autorización**, por parte do órgano competente;
2. Dado que existe un conflito de competencias creado entre a Xunta e o Ministerio-Confederación Hidrográfica Miño-Sil por canto **non está claro que organismo debe proceder á avaliación de impacto ambiental** da infraestrutura ilegal, dentro do expediente de autorización da ataguía xa iniciado;
3. Dado que se trata de intervir nun espazo natural protexido como ZEC, LIC e Rede Natura, e que a actual Lei de Avaliación Ambiental obriga a que esta infraestrutura (non contemplada no proxecto) pase por un **procedemento de avaliación de impacto ambiental**, que ha de ser ordinario e que, por tanto, esixe un tempo de tramitación mínimo que **pode superar o prazo dun ano para poder ser resolta** coas mínimas garantías legais;
4. Dado que o impacto da ataguía no río e no espazo natural protexido están sen avaliar e que, por tanto, é moi probable que a infraestrutura ilegal **este a exercer xa un impacto ambiental e hidromorfolóxico negativo** no río Miño;
5. Dado que o **expediente sancionador relativo á ataguía ilegal caduca o 30 de novembro de 2016** e que non se debería permitir tal suposto, a xulgar polo estado da ataguía;
6. Dado que **as condicións específicas do espazo natural afectado esixen que a resolución do expediente sexa efectiva antes do remate da actual época de estiaxe** para garantir as cautelas ambientais;

7. Dado que **o procedemento administrativo do expediente sancionador debe de ser alleo a calquera outra tramitación de autorización**, por caso, o expediente de autorización da ataguía (agora ilegal), máxime cando a autorización da obra está supeditada a unha avaliación de impacto ambiental cuns tempos administrativos propios e demasiado longos para a urxencia que nos ocupa;
8. Dado que **a propia Confederación Hidrográfica Miño-Sil admite** nun informe técnico do 17 de xuño de 2016 **que a ataguía “non ten garantida a súa estabilidade de forma indefinida no tempo”** e que, de non producirse a súa autorización (supeditada á avaliación de impacto ambiental) na presente época de estiaxe, **“debera procederse á súa retirada -nesta época de estiaxe- co obxecto de evitar a súa permanencia de forma indefinida”**;
9. Dado que o **Concello de Lugo**, a través do seu edil de Desenvolvemento Sostible, Daniel Piñeiro Villares, **ten recoñecido** pública e presencialmente ante esta plataforma que urxe resolver a situación de *in-pass* na que se atopa dita ataguía, xa que **“o Concello non se responsabiliza de que aguante o inverno”** e **que “existe a posibilidade de que se desmorone –o dique–”** (El Progreso, de 5 de setembro de 2016, páxina 5);
10. Dado que **compartimos co goberno local de Lugo a súa preocupación pola situación de risco** derivada da permanencia da ataguía por un ano máis no leito do río Miño, sen ningún tipo de garante ambiental nin de estabilidade e, por tanto, con grandes probabilidades de desmoronamento ante as cheas fluviais do inverno;
11. Dado que, de efectivizarse **o probable desmoronamento** río abaixo da infraestrutura ilegal, as consecuencias serían imprevisibles e posiblemente se xerarían **danos e prexuízos sen precedentes no concello de Lugo, tanto sobre os seus recursos naturais e patrimoniais e histórico-culturais, como noutros bens de dominio público hidráulico, en instalacións de uso privado situadas río abaixo, ou mesmo, podendo provocar danos de carácter humano ou contra a saúde pública**;
12. Dada a **falta de responsabilidade e de vontade administrativa que se está a demostrar por parte dos diferentes organismos implicados** na resolución do problema e no establecemento de medidas cautelares ou de prevención (xa solicitadas por esta plataforma) que eviten serios prexuízos para os recursos naturais e patrimoniais do concello e para os demais bens ou intereses dos seus veciños;
13. Dado que o **Concello de Lugo non carece de responsabilidades**, por unha banda, **como promotor** do “Proxecto de rehabilitación e de aproveitamento hidroeléctrico da fábrica da Luz” e como **axente infractor** na realización da ataguía obxecto de discusión, -segundo o organismo que incoa o expediente sancionador-; e, por outra banda, como **principal valedor e defensor dos intereses e dereitos dos veciños e veciñas de Lugo, da súa seguridade e saúde e dos seus bens colectivos**;
14. Dado que á vista das circunstancias **non existe unha solución do problema sen repercusións negativas para o Concello de Lugo e os seus bens colectivos**;

pero si **fórmulas ou medidas de urxencia que poden atenuar a sanción administrativa** prevista e, ao mesmo tempo, **eliminar a ameaza de risco** que exerce a permanencia da ataguía ilegal sobre os recursos ambientais e patrimoniais e de seguridade pública do Concello,

15. E dado que teremos que ser **finalmente nós, os veciños e veciñas de Lugo, as que teñamos que asumir de forma inxusta**, a través das arcas municipais, o **custo da mala praxe do concello** como promotor do proxecto e autor nominal da obra ilegal;

Por todo o exposto, e a teor do determinado no Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, que desenvolve a Lei 29/1985, de 2 de agosto, de Augas; na Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza; na Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade; na Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade Medio ambiental e na Lei de Réxime Xurídico e Administrativo Común, entre as demais normas aplicables vixentes,

SOLICITAMOS

1. Que o Concello de Lugo pida urxentemente ante a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, o Ministerio de Medio Ambiente, e a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia, permiso para a **execución voluntaria da reparación do dano causado no dominio público e da reposición do espazo afectado ao seu estado primitivo**, como medida cautelar e preventiva fronte a ameaza potencial de maiores danos sobre o dominio público hidráulico, sobre o espazo natural protexido e o risco ligado á seguridade e saúde pública da cidadanía de Lugo.
2. Que o Concello de Lugo inste ao órgano competente na resolución do expediente sancionador a ter en conta esta **demonstración de boa fe e de cautela como atenuante da sanción administrativa** contemplada contra o Concello (máis de 180.000 euros) na proposta de resolución definitiva do expediente, a cal se atopa no Ministerio de Medio Ambiente desde o pasado 30 de xuño, á agarda da sinatura da ministra en funcións;
3. Que o Concello de Lugo non demore por máis tempo esta solicitude urxente de execución voluntaria da reparación do dano creado e que, en todo caso, **realice esta xestión antes de que remate o verán**, o vindeiro 21 de setembro, para poder executar **dentro do período de estiaxe** a reparación dos danos e a restitución do espazo afectado ao seu estado orixinal.
4. Que a retirada do dique ilegal se realice **cumprindo con todas as garantías ambientais** e de acordo coas medidas correctoras ou de prevención que se poidan establecer para tal finalidade.

Para que así conste a todos os efectos,

En Lugo, a 7 de setembro de 2016

Asina

XXXXXX

Apoian esta petición todas as organizacións que forman parte da plataforma “Lugo de Cara ao Miño”:

As organizacións sociais e ambientalistas:

- ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza)
- AGCT (Asociación Galega de Custodia do Territorio)
- Asociación de Amigos do Patrimonio de Castroverde
- Ateneo Engranaxe
- Carneiro Alado
- CIG (Confederación Intersindical Galega)
- Cooperativa Bico de Grao
- Cultura do País
- Madia Leva
- Masa Crítica
- SLG (Sindicato Labrego Galego)
- SOS Río Miño

As formacións políticas:

- ACE-EU
- ANOVA
- BNG
- Compromiso por Galicia
- Espazo Ecosocialista
- EQUO
- Lugonovo
- Podemos